

# Por un Tui próspero



*Dedicado aos meus pais,  
Ricardo Vázquez Cardeiro  
e Blanca Padín, que,  
nun xa lonxano 1972,  
escolleron asentarse en Tui.*



Carlos Vázquez Padín



©GALIDEM - Asociación galega para a liberdade e a democracia

©Carlos Vázquez Padín 2014

Debuxo da cuberta: Evaristo Pereira

Maquetación: María Fernández

Prólogo: Fernando del Río

Corrección lingüística: Carlos López Grueiro

Foto: Óscar Companioni

Dep. Legal: VG 911-2014

ISBN: 978-84-617-3465-8

# ■ Índice

<b>Prólogo</b> .....	5
<b>Limiar</b> .....	6
<b>De onde vimos e que somos?</b> .....	7
Contexto social. ....	7
Contexto político. ....	12
Contexto económico. ....	21
<b>Propostas para a prosperidade.</b> .....	24
As potencialidades de Tui. ....	24
Modelo de xestión municipal. ....	28



# Prólogo

Carlos Vázquez Padín vive en Tui. É a súa cidade. Na que mora en compañía da súa familia. Mais tamén na que traballa, soña, conversa e sorrí. Non só naceu e vive nela, vívea. Por iso decidiu hai algún tempo entregar o seu tempo, esforzo e talento á cidade que o conformou como persoa, á cal se sente intrinsecamente unido. Creo que esta obra reflexiva é produto deste compromiso.

Como parte do seu ser, Tui dóelle e ánimalle. Cando Carlos escribe de Tui está a escribir del propio. O lector que se mergulle na presente obra hao percibir decontado. O tudense que navegue polas súas liñas ha apreciar a verdade dun veciño que, coma el, sente Tui como unha parte do que é. Todos os que crean en Tui e nas súas xentes non poderán permanecer impasíbeis durante a lectura das poucas, mais intensas, páxinas deste ensaio. Hanse remexer. Porque a verdade de alguén, compartida ou non, nunca produce indiferenza.

Carlos imaxina a liberdade e así idea Tui. Mais as ideas, se non queren ser castelos no ar, deben estar sustentadas nunha lúcida comprensión da realidade. Nun coñecemento das circunstancias que nos trouxeron ata acó. E as palabras de Carlos palpitan porque sabe do que fala. Sábeo porque lle preocupa. E preocúpalle porque lle doe e lle anima.

**Fernando del Río Iglesias**

*Presidente da Galidem e profesor de economía  
na Universidade de Santiago de Compostela*

# Limiar

Este libríño que tes nas túas mans non ten máis pretensión que transmitir de forma resumida a visión que teño da realidade de Tui e de como debería orientarse a acción municipal para contribuír á prosperidade das persoas que aquí vivimos. O obxectivo principal do libro é favorecer modestamente que se produza un debate cidadán sobre os problemas de Tui e as solucións axeitadas para resolvelos. Desde logo, tanto o diagnóstico como o tratamento que propoño están netamente influídos pola miña confesa identificación coa doutrina liberal, polo que a reflexión que neste texto fago é froito dese marco teórico liberal de probado éxito real e do bo número de horas, distribuídas ao longo xa de moitos anos, dedicadas a pensar na nosa realidade local.

En relación ao diagnóstico, coido que Tui ten tres problemas distintos e que ao mesmo tempo están intimamente relacionados: o social, o político e o económico. A problemática nestes tres ámbitos retroalimentase e dificulta enormemente unha saída ao círculo vicioso dunha sociedade maniatada polo clientelismo e esencialmente conformista e que non quere ou non pode reaccionar perante unha política corrupta e ineficiente que dificulta a prosperidade económica. Estamos inmersos nunha situación na que as redes clientelares creadas desde o poder impiden un cambio político que á súa vez facilitaría a prosperidade económica e a mudanza social.

**Problema social ↔ Problema político ↔ Problema económico**

O tratamento que propoño para a problemática diagnosticada baséase na crenza na liberdade individual e económica, nunha administración eficiente e na seguridade xurídica como elementos impres-

cindibles para a prosperidade dos pobos. Non estou descubrindo a pólvora, aínda que somos poucos aquí os que defendemos a receita que fai de Suíza, Canadá, Noruega, Suecia, Austria, Australia ou Nova Zelandia os países máis prósperos do mundo: a nivel municipal, aínda que con limitacións, aplicando esta receita na medida do posible, tamén se pode contribuír e moito á prosperidade de calquera concello, e tamén á prosperidade das persoas que vivimos en Tui.

Agardo con este texto pór o meu gran de area para a consecución dunha sociedade máis libre e aberta, dunha política eficiente e dunha economía próspera nesta vella e bela cidade. Dos tudenses depende.

## De onde vimos e que somos?

### Contexto social

Para entendermos as características da sociedade tudense de primeiros do século XXI cómpre facer un breve percorrido histórico. Tui foi unha localidade dun reseñable éxito como centro relixioso na Idade Media, capital episcopal e cidade puxante no contexto dunha Galicia case completamente rural e con pequenos centros urbanos artellados arredor do poder relixioso.

Podemos dicir que ata o 1833, data na que Tui deixa de ser capital de provincia, a nosa cidade logra manter unha importancia significativa no entramado urbano galego. Ata a devandita data as provincias coincidían, en maior medida que na actualidade, coas diócesese e arquidiócesese, sendo ata aquela data Betanzos e A Coruña as dúas únicas capitais provinciais que non acompañaban esa condición á da capitalidade episcopal. Ata ese momento Tui continúa sendo unha localidade das máis importantes de Galicia, ata o punto de que cando o goberno de Cea Bermúdez fixa a nova planta provincial, a mesma que temos hoxe, nese mesmo ano de 1833, Tui, Pontevedra e Vigo teñen tamaños moi similares, entornando aos 5.000 habitantes.

Nos seguintes cadros podemos avaliar o continuo declive demográfico de Tui en relación ás vilas e cidades galegas. No século XVIII, concretamente no 1760, Tui era a quinta cidade de Galicia, dando un salto até os últimos anos do franquismo, os datos reflectidos son do ano 1970 e o concello de Tui baixa á vixesimo quinta posición e finalmente nos datos do censo de 2013, Tui baixa cinco lugares máis, ata situarse no posto trixésimo. Desde logo a evolución da poboación

## 1760

Santiago de Compostela	16.314
Coruña (A)	7.380
Pontevedra	4.734
Betanzos	3.286
<b>TUI</b>	<b>3.250</b>
Ourense	2.792
Lugo	2.552
Vigo	2.509
Mondoñedo	2.253
Ferrol	1.177

## 1970

Vigo	197.144
Coruña (A)	189.654
Ferrol	87.736
Ourense	73.379
Santiago de Compostela	70.944
Lugo	63.830
Pontevedra	52.452
Estrada, A	27.550
Vilagarcía de Arousa	24.076
Carballo	23.508
Redondela	22.128
Ribeira	21.716
Narón	21.491
Marín	19.816
Monforte de Lemos	19.528
Lalín	19.405
Cangas	19.026
Ortigueira	17.559
Vilalba	17.301
Moaña	15.060
Pontearreas	14.497
Boiro	13.867
Viveiro	12.942
Vilanova de Arousa	12.641
<b>TUI</b>	<b>12.600</b>



é o mellor indicador da prosperidade dun lugar en relación ao seu contorno; son as poboacións do eixo atlántico en xeral as que gañan posicións desde 1970 e Tui perde postos a pesar da súa boa ubicación nese eixo de desenvolvemento que se consolida nas últimas décadas, no período que vai de 1970 a 2013 Tui resulta superado por Sanxenxo, Nigrán, Teo, Cambre, Ames, Oleiros, Culleredo e os nosos veciños do Porriño.

## 2013

Vigo	296.479
Coruña (A)	245.923
Ourense	107.542
Lugo	98.761
Santiago de Compostela	96.041
Pontevedra	82.934
Ferrol	71.232
Narón	39.450
Vilagarcía de Arousa	37.741
Oleiros	34.470
Carballo	31.366
Arteixo	31.005
Redondela	29.918
Ames	29.689
Culleredo	29.415
Ribeira	27.811
Cangas	26.173
Marín	25.483
Cambre	23.999
Ponteareas	23.326
Estrada, A	21.464
Lalín	20.048
Monforte de Lemos	19.426
Moaña	19.309
Boiro	19.144
Porriño, O	18.908
Teo	17.942
Nigrán	17.738
Sanxenxo	17.582
<b>TUI</b>	<b>16.827</b>

Que lle aconteceu á nosa cidade desde ese 1760 no que Tui é comparable ás primeiras localidades de Galicia, ata o 2013 no que Tui xa está claramente atrás en case todos os parámetros, non só das cidades importantes de Galicia ou de case todas as vilas cabeceira de comarca, senón tamén de practicamente todos os concellos limítrofes, tanto galegos, como portugueses?

Hoxe non se nos ocorre comparar a importancia de Tui coa de Pontevedra, Ourense, Lugo ou Santiago, pero tampouco podemos comparar en prosperidade e dinamismo a Tui con Cangas, Ribeira, Carballo, Lalín ou Ponteareas e mesmo temos que chegar á conclusión, triste pero obxectiva, de que concellos limítrofes ou moí próximos como Porriño, Tomiño, Monção, Cerveira ou Valença superan a Tui en crecemento, puxanza e dinamismo.

A pregunta é fácil de formular pero non tan fácil de responder: que explica o dramático declive de Tui nos últimos dous séculos? Tui non se incorpora ao incipiente capitalismo que comeza a aparecer en determinados puntos da costa galega no século XIX e tampouco colle o tren, ao non ser designada capital provincial, da expansión do aparello estatal e o pulo que este dá ás capitais provinciais no mesmo século.

Polo tanto Tui non logra sumarse a ningunha das dúas forzas motrices do desenvolvemento urbano da Galicia demimonónica, nin ao capitalismo, nin á que se alimenta da extracción que o Estado fai da actividade privada, a través dos impostos, para o financiamento da súa expansión. Como consecuencia, o equilibrio de forzas permanece estático e a sociedade tudense non logra acompañar o paso das sociedades máis abertas que se comezan a configurar noutras localidades do País.

Tui, como municipio fronteirizo de singular importancia, e cabeceira de comarca natural, obtén sedes administrativas de segundo e terceiro rango pero que nunha localidade sen crecemento demográfico, cobran un peso económico e social importante. Estoume a referir á comandancia naval do Miño, á policía fronteiriza, delegacións comarcais da administración estatal, cabeceira de partido xudicial, delegación de Facenda, Seguridade Social, centros educativos con influxo a nivel comarcal, etc... de tal maneira que Tui se manifesta ao longo dos séculos XIX e XX como un pequeno centro administrativo e un importante centro relixioso (nomeadamente en relación ao seu tamaño), a isto podemos engadir unha pequena burguesía comercial que prospera en determinados periodos, debido á condición de cabeceira de comarca e á ubicación fronteiriza, para rematar o retrato da sociedade tudense xogan un papel relevante os profesionais con influencia social como médicos, farmacéuticos e avogados. Por tanto estamos perante unha sociedade satisfeita co statu quo e que non acredita que poida saír gañando coas mudanzas.

En realidade tampouco é algo que diferencie a Tui radicalmente da maior parte de Galicia, pero si que hai matices importantes a ter en conta. A grande importancia, en termos relativos ao tamaño de Tui, de igrexa e administración, unido ao factor fronteira, contribúen de

forma importante a que o sentimento nacional español tamén sexa dos máis fortes de toda Galicia, quizá só por trás do de Ferrol, se temos en conta a identidade, que se fortalece, ao longo do século XX, entre nacionalismo español e conservadorismo, encontrámonos cun caldo de cultivo moi favorable á fidelidade incondicional ao partido que encarna estes valores, independentemente do seu desempeño nas institucións.

A sociedade tudense non deixa de presentar as características xerais, comúns a toda Galicia, dunha sociedade de pequenos propietarios, cos prós e contras que isto ten, pero a maior presenza de administración, Igrexa e o factor fronteira configuran unha sociedade máis ideoloxizada e máis identificada cos valores e crenzas do nacional-catolicismo español, a falta de crecemento contribúe a que estas ideas se consoliden e permanezan.

Tui é un concello con maior peso demográfico no rural que no casco urbano, máis dun 60% da poboación está censada nalgunha das 11 parroquias rurais do concello. No rural a dereita conservadora conta aínda con máis porcentaxe de apoio que no casco. Na miña opinión esta situación débese a unha maior dependencia que no rural hai cara a un intermediario (cacique) que axude ao cidadán cando se encontra con algún problema ou algunha situación a resolver en relación ao Concello.

O galego, e tamén o tudense, desconfía e teme, con razón, o Poder, e de aí a adopción dunha táctica de achegamento ao mesmo a través dun intermediario para evitar os problemas e para protexerse das arbitrariedades e abusos do poder. Todo o mundo sabe no rural que se non apoia electoralmente o poder, encontrarase absolutamente só cando o Concello actúe de forma arbitraria perxudicando os seus intereses, non obstante, a soberbia e o desprezo do poder en Tui pola xente do rural é de tal calibre, que non dubidan en abusar deles cando hai outros intereses en xogo. É notorio o abuso que sobre a xente do rural leva feito certa burocracia urbanística con forte vinculación coa política.

Coido que non é xusto responsabilizar principalmente ao rural das vitorias electorais da dereita clientelar. É certo que se nos remi-

timos ás cifras, o rural, especialmente parroquias como Guillarei ou Ribadelouro xogaron un papel crucial no desenlace das eleccións municipais nos últimos anos pero tamén é certo que se no casco houbera unha vontade maioritaria de cambio o rural acabaría por seguilo: son as sociedades urbanas as que soen liderar os cambios, resultados como o de Guillarei, onde o PP supera o 80% dos votos, non serían sustentables no tempo se o casco urbano manifestase unha clara vontade de mudar as cousas e en todo caso non serían xa factibles as maiorías absolutas. Coido que a responsabilidade de que non se produza o necesario cambio se pode repartir entre as zona rural e a urbana, cada votante é corresponsable da situación.

## Contexto político

Se unimos o carácter conservador da nosa sociedade ao efecto devastador das redes clientelares, provocar unha mudanza política en Tui convértese nunha tarefa extremadamente complicada, e iso é un grave problema. E non só para os que queremos que as cousas muden, tamén é un problema para unha parte moi importante da sociedade tudense atrapada nunha fidelidade emocional ao statu quo político, cal fans dun equipo de fútbol, ou o que aínda sería peor, unha fidelidade forzada por ter caído xa dentro da rede clientelar, da maraña de intercambio de favores feitos con diñeiro alleo.

A competencia é crucial para obrigarnos a todos a mellorar, e isto é aplicable a todos os ámbitos, o das relacións persoais, os negocios, o deporte, e por suposto tamén ao ámbito político. Un entorno político e electoral competitivo é requisito imprescindible, aínda que non suficiente, para unha boa gobernanza, e desde en logo en Tui non se dá este requisito. Desde a sociedade tudense, e ata a data, non temos sido quen de xerar alternativas o suficientemente potentes como para cuestionar o monopolio electoral do conservadorismo local.

En España ou en Galicia xa hai poucos incentivos para que un político sexa responsable na xestión do diñeiro dos contribuíntes; como factores que se derivan da arquitectura institucional española e que

tamén afectan a Tui destacaría o control político da Fiscalía e de todas as instancias xudiciais da Audiencia Provincial cara a riba. Resultaría chamativa, se non fose o habitual, a escasa actividade da Fiscalía de Pontevedra con respecto a un dos concellos onde a corrupción urbana e política máis grave foi na década de 2000. A pesar disto o caso do edificio Beiramiño fixo que o alcalde Rocha acabase no Supremo, tribunal controlado politicamente através do Consello Xeral do Poder Xudicial (que é nomeado polo Congreso e o Senado) e no que finalmente é absolto.

A sensación, baseada en elementos obxectivos, de impunidade xudicial da clase política en todo o Estado vese aínda máis agravada nos lugares onde, como en Tui, falta control cidadán a través do voto, é dicir, onde non hai case correlación entre o desempeño do goberno, neste caso municipal, e os resultados que logra o partido gobernante nas posteriores eleccións. En Tui existe a percepción xeralizada de que a dereita conservadora, faga o que faga e fágao como o faga, non vai perder o Poder.

Sen temor ao sistema xudicial e sen temor ao castigo dos votantes, o desastre está garantido, sen incentivos para mellorar e para tratar de facer ben as cousas o deterioro é imparable. Un deterioro a todos os niveis, desde o cada vez máis baixo perfil das persoas que se meten en política, até a motivación desas persoas por perseguir obxectivos que non sexan o de maximizar os intereses persoais ou intereses políticos curtopracistas e que non están aliñados cos intereses de Tui, intereses persoais que cada vez son menos nobres e máis relacionados con obxectivos económicos de carácter ilícito de persoas que carecen de emprego fóra da política ou que usan a política como medio de impulso para os seus negocios privados en sectores moi intervidos pola administración municipal, nomeadamente o da construción de vivendas, construción civil ou subcontratación de servizos.

En efecto é alarmante a caída de nivel da clase política local desde a transición até hoxe. Nas primeiras corporacións da democracia, desde finais dos 70 até finais dos 80, podíamos ver parte da élite profesional da localidade, xente que estaba en política porque a entendía como

medio para mellorar a sociedade e/ou polas súas ideas, non buscando un lucro ilícito, e desde logo, a práctica totalidade deles gañában ben a vida fóra da política, algo que non podemos dicir da maioría dos que hoxe ocupan o goberno municipal. Os que hoxe predominan na política local teñen así un incentivo fortísimo para agarrarse como lapas ao poder, xa que fóra da política, e sometidos ás forzas do mercado, serían moi probablemente desempregados, ou con moita sorte, mileuristas. Todo isto danos a razón aos que cremos que o mercado proporciona resultados moito máis xustos que a administración pública.

Difícil de crer pero certo: mesmo cando a cidadanía tudense chegou a ser plenamente consciente deste conflito de intereses non redundou nunha derrota electoral. O caso do ex-alcalde Rocha (1998-2011) é paradigmático, ninguén en Tui discutía xa no seu segundo mandato completo (2003-2007) cales eran os seus obxectivos reais: o uso do concello ao servizo dos seus intereses urbanísticos, a paralización do Plano Xeral de Ordenación Municipal para o seu beneficio e poder construír o volume que el pretendía no solar do Patazumba, pertencente a unha das súas empresas e a nome do seu fillo, xa que o volume construtivo que se pretendía na proposta municipal para ese solar era a principal obxección da Xunta para aprobar o PXOM. É finalmente Rocha o que se retira no 2011 deixando ao seu xenro na alcaldía e non os votantes de Tui quen o xubilan. Esta é a crónica doutra clamorosa derrota da sociedade civil tudense.

A lealdade emocional ao PP e o clientelismo dominan e permean de tal maneira á sociedade que só unha combinación improbable de circunstancias pode afastar do poder local ao conglomerado de intereses particulares que controla a política en Tui ininterrumpidamente desde o ano 1991, que é cando o sistema de partidos que pivota no bipartidismo español PP-PSOE máis a pata galega do BNG, se consolida definitivamente en Tui, despois do declive da opción representada por, Ángel Álvarez Durán (Gelucho), que foi alcalde do 1979 ao 1987, primeiro con UCD e despois como independente e da absorción por parte do PP e PSOE do grupo independente Unión Tudense, do que formaban parte Diz Guedes, alcalde de 1987 ao 1989, ano este último, no que recala no PP como candidato ao parlamento de Galicia, e Gó-

mez Núñez, que o sucede na alcaldía de 1989 a 1991 e que concorre ás eleccións municipais do 1991 xa baixo as siglas do socialismo español.

É dicir, co sistema de partidos xa estabilizado e á espera das posibles viraxes que no futuro nos poidan deparar as mudanzas no comportamento electoral derivadas da depresión económica que comezou no 2008, (cando remato este ensaio o CIS acaba de publicar un inquérito no que a formación esquerdista e populista Podemos aparece como primeira en intención directa de voto a escala estatal, novembro do 2014), non cabe agardar que o PP poida perder o poder salvo que o faga a mans dunha coalición de intereses do mesmo espectro ideolóxico que unha vez vitoriosa será proclamada como facción dominante do PP local, a vitoria da Coalición Popular Tudense de Rocha no 1999 e a súa inmediata readmisión no PP nun rol de mando é un exemplo de manual de como actúan os populares nestas ocasións.

É dicir, case todo parece indicar que en Tui e baixo condicións socioeconómicas estables ou recesivas, o PP só pode perder o poder, de forma conxuntural e como consecuencia da división interna, non se enxerga a posibilidade de que a esquerda ou un partido liberal como Convergencia 21 poidan constituír maiorías. É a falta de competencia real polo poder, achacable fundamentalmente, aínda que non só, ás características ideolóxicas e sociolóxicas da sociedade tudense acaba derivando, especialmente desde que Rocha se fai co poder, nunha absoluta falta de incentivos para gobernar o municipio pensando na prosperidade de Tui.

É dicir, os dirixentes da formación clientelar-conservadora chegan á atinada e, ao mesmo tempo, terrorífica conclusión de que non hai que procurar que Tui prospere para saír reelixido, son outras as cousas que hai que facer: establecer unha rede clientelar onde os cazadores de rendas de diversos niveis económicos e graos de influencia se queren introducir, esa rede clientelar abarca desde o que se conforma con que lle asfalten a pista ata o que manexa información privilexiada para lucrarse con trampa, pasando polo que recibe adjudicacións municipais de forma máis ou menos tramposa, por aqueles que obteñen de forma fraudulenta un emprego na administración pública ou polo

que entra nunha escola taller uns meseciños, para formarse nunha profesión da que ningunha empresa demanda profesionais, por haber un exército de desempregados nesas profesións despois do estourido da burbulla inmobiliaria, como carpinteiros ou albanceis,

Nesa rede clientelar están algúns dos máis ricos de Tui e tamén parte importante dos máis pobres, o que varía son as prebendas que se lles concede e as contrapartidas que se lles pide desde o poder político a uns e outros. Aos máis necesitados reclámaselles unha fidelidade a proba de bomba e que mobilicen todos os votos que poidan se queren volver recibir as migallas que lles concede o poder, sen embargo os que deben parte das súas fortunas á relación de proximidade co sector público financian as campañas e teñen influencia directa en moitas decisións.

Non podemos senón chegar a afirmar que moitos tudenses, no número suficiente para decantar con claridade as competicións electorais, apoian aos de sempre sen ter en conta a xestión levada a cabo. Actúan en contra da posibilidade de que Tui poida prosperar e fano, na miña opinión, para primar algúns intereses persoais curtopracticistas de moi diversa índole, entre os que se inclúe a autoprotección contra un determinado grao de ameaza, nomeadamente nas parroquias rurais, para quen non apoie o statu quo.

O veciño que non apoie o poder sabe que se expón a unha serie de consecuencias, desde non ter punto de luz ou que non lle asfaltan a pista, até recibir un trato peor en todo o que teña que ver co Concello, a inseguridade xurídica xerada polo urbanismo corrupto e o feito de que moitas casas non fosen construídas con licenza despois de moitos anos do “ti vai facendo” e como consecuencia da propia inoperancia e corrupción municipal, contribúe tamén a xerar un temor á mudanza política.

Como liberal non vou ser eu quen critique a persecución dos intereses individuais, pero no caso de Tui é o poder quen xera uns incentivos perversos neste sentido, é dicir, o comportamento mafioso do



poder xera incentivos individuais en moitas persoas para favorecer a reprodución no poder da mesma coalición de intereses.

A min resúltame especialmente repulsiva a forma na que os conservadores en Tui se nutren electoralmente da pobreza que contribúen a xerar coas súas políticas clientelares, coa súa terrible ineficiencia burocrática e coa represión fiscal á que someten aos contribuíntes. A xente que cae na pobreza son presas fáciles para a tupida rede política; unha subvención, unha axuda de aquí ou de acolá, un emprego de seis meses, quen pouco ten é máis facilmente comprable.

Neste contexto, e desde a perversa lóxica da conservación dun poder parasitario, non só lles dá igual que Tui prospere senón que incluso, para que nada cambie e garantir o control, convenlles que non prospere. Un Tui próspero supón para o statu quo unha ameaza, unha sociedade próspera é máis libre, unha sociedade máis rica tórnase máis independente, deixa de temer ao poder, medra e muda; é en definitiva unha sociedade que resulta imposible de controlar desde o poder político e polo tanto o poder político, sendo sabedor disto e querendo que o equilibrio de poder permaneza inalterado, trata de evitar, con enorme éxito ata a data, que poidamos distrutar dun Tui próspero.

Como resultado de todo isto o poder municipal encóntrase cunha absoluta falta de incentivos para actuar de forma honesta e con abundancia de incentivos para ser deshonesto; así calquera partido, non só o PP, se contase cun apoio incondicional, de tipo emocional, ou baseado en intercambio de favores, entraría nunha deriva cara a máis absoluta das desfeitas. Con esta estrutura de incentivos, especialmente a falta de correlación entre o desempeño do goberno municipal e o apoio electoral, é moi complicado esperar cambios no perfil dos gobernantes locais, que neste momento son persoas cun moi baixo nivel de competencia profesional, así que tampouco podemos agardar cambios nas súas motivacións á hora da toma de decisións nen na súa capacidade xestora ou na súa lideranza. O PP non representa o mal per se, pero en Tui, como o PSOE en Andalucía, o PP si que representa o axente partidario de todos os males políticos, sociais e económicos que padecemos desde hai xa anos.

Non se trata de demonizar ao PP, aínda que en Tui meréceo sobradamente, senón de advertir do grave problema de incentivos que aquí padecemos, mentres a esquerda segue tentando vender unha virxitude perdida hai tempo, só os liberais advertimos do verdadeiro problema, a natureza humana; o ser humano tende a comportarse de forma similar ante similares incentivos, independentemente da súa ideoloxía, e, como dixo Lord Acton, o poder corrompe e o poder absoluto corrompe absolutamente, polo tanto o que propoño aquí non é que se deixe de votar incondicionalmente ao PP para votar incondicionalmente a Convergencia 21 ou a calquera outro partido, o que propoño é que se decida o voto sempre con carácter crítico e que a xente estea disposta a cambiar o sentido do seu voto en función do desempeño do gobernante de que se trate. Se isto fose así, o goberno municipal tería un incentivo moi forte para mellorar o seu desempeño e cambiaríamos o círculo vicioso actual por un círculo virtuoso.

Non podemos deixar de mencionar a cuestión do financiamento dos partidos; Bárcenas chega a confesar no xuízo contra el que, ademais da caixa B da “Rúa Xénova” o partido conta cunha caixa B en cada provincia. Obviamente ao “tesoureiro nacional” do PP non lle constaba de forma fidedigna se tamén había unha caixa B en cada localidade, pero desde logo cae polo seu propio peso, xa que os mecanismos de alimentación desas caixas non varían: as comisións por adjudicacións públicas, e o financiamento dos partidos a través de comisións obtidas por esas adjudicacións fraudulentas que os partidos fan desde a administración é unha das claves de bóveda que contribúe á reprodución do sistema actual, ao darlle unha enorme vantaxe eleitoral ao que conta con estas fontes de financiamento.

No concello de Tui basta porse a analizar facturas para comezar a ver unha sospeitosa reiteración das mesmas empresas en adjudicacións feitas sen licitación e sen control de ningún tipo, non fai falta ser un lince para decatarse das empresas que están financiando ao PP en Tui a cambio de adjudicacións públicas.

Nos Estados Unidos é pública a cantidade que as empresas doan aos partidos, iso non subsana completamente o problema, xa que estas

empresas o que buscan é condicionar a lexislación, adxudicacións ou decisións políticas que lles afectan nun entorno de moita regulación pública, pero polo menos os votantes poden saber, con transparencia, que intereses se agochan detrás de cada candidato. En Tui aclararíamos moitas cousas. Eses maravillosos piscolabis que algúns ofrecen nas campañas eleitorais, son financiados por todos os contribuintes, os que van papar e os que non vamos. Compre reflexionar a este respecto, se cadra o que máis gasta na campaña é o que máis ten malversado o diñeiro dos contribuintes/votantes.

Merece un comentario o papel político da Igrexa, paradoxalmente a institución á que Tui debe a súa importancia, xoga desde a restauración da democracia un papel perxudicial ao formar parte dese núcleo sociolóxico de apoio incondicional ao PP. Aínda que non serve de desculpa, tamén é verdade que a hostilidade entre esquerda e Igrexa non contribuíu en absoluto a que desde sectores católicos se chegase á ineludible conclusión de que Tui precisa unha mudanza política, dificilmente se pode pedir que sectores sociais hostilizados desde a esquerda poidan prestar o seu apoio electoral a esta, pero tamén é verdade que a Igrexa tudense non manifestou en ningún momento, ao menos que eu saiba, incomodidade algunha polas numerosas falcatruadas e inmoralidades dos gobernantes locais.

Compre agradecerlle ás monxas o seu labor social, pero unha cousa non quita a outra. Paréceme inmoral o que fan as monxas do asilo carretando a votar, elección tras elección, a algúns anciáns notoriamente dementes e que xa non teñen capacidade propia de discernimento, mesmo me atrevo a dicir, desde a miña falta de fe compatible cun profundo respecto e recoñecemento das raíces cristiás de Tui, Galicia e de Europa, que votar o PP en Tui, neste momento, podería facilmente ser calificado como pecado. Unha lectura atenta dos dez mandamentos abonda para tirar esa mesma conclusión, aínda que probablemente e baixo o mesmo prisma, como dicía unha monxa nunha xornada electoral no colexio N<sup>o</sup>1 hai xa bastantes anos, votar o PSOE tamén poida ser considerado pecado.

O apoio da igrexa ao PP hoxe xa non se pode xustificar nunha cuestión de valores xa que dificilmente se pode afirmar que este partido promova e aplique os valores cristiáns desde as institucións, polo que sería desexable que a igrexa se mostrase crítica cos abusos e inmoralidades do poder, como xa se ten mostrado noutros momentos da súa historia.

Que podemos dicir da esquerda tudense? En xeral, e con honrosas excepcións, a esquerda xogou un papel de comparsa da dereita local, o momento cume na asunción, con todas as consecuencias, do papel de comparsa foi o apoio que o PSOE prestou no 1998 á moción de censura dunha parte do grupo do PP liderada por Antonio Feliciano Fernández Rocha contra o alcalde do mesmo partido, Miguel Ángel Capón Rey, facendo realidade o inicio dunha longa noite de pedra, que aínda dura no 2014, de estadia no poder do binomio Rocha-Moisés e contribuíndo a abrir o período de máis incompetente, ineficiente e corrupta gobernación na historia moderna de Tui.

O PSOE nunca chegou a pedir perdón polo dano que lle fixo a Tui, non sabemos se o chegaron a considerar un erro. Ademais disto, casos de transfuguismo desde BNG e PSOE cara ao PP contribuíron a minar a credibilidade das formacións da esquerda. Aínda que tamén en aras de sermos xustos débese reconecer o bo labor de oposición que algún dos voceiros dos partidos da esquerda realizaron, labor que non foi recompensado eleitoralmente. Os propios partidos da esquerda consideran Tui como unha praza perdida e priman nas súas decisións, no contexto comarcal e galego e en diversas ocasións, tanto no PSOE como no BNG, a unha localidade que lles é máis proclive, como é A Guarda e xa nos últimos anos, Tomiño.

Non se debe pretender que Tui se convirta nunha localidade maioritariamente de esquerdas, suporía xerar un novo problema, o estrepitoso fracaso do modelo andaluz, entre infinidade de outros exemplos, demóstrao e iría contra a esencia de Tui e contra a esencia dun país de pequenos propietarios como Galicia, ademais podemos vaticinar case sen marxe de erro que un goberno da esquerda non suporía a solución ao problema de ineficiencia, hiperburocratismo e represión fiscal.

Porén a vía liberal debe ser a autoestrada para que Tui, respectando e partindo da súa tradición, se adapte á modernidade e se incorpore á prosperidade da que carecemos tras moitos anos de gobernos municipais parasitarios e empobrecedores.

## Contexto económico

A política en Tui está completamente orientada a crear cazadores de rendas (rent-seekers) e a destruír os empresarios que merecen ese nome, é dicir, os que compiten en mercados libres e abertos. Os cazadores de rendas son favorecidos a cambio doutros favores (case sempre subornos, financiamento para o partido ou apoio electoral), aos empresarios fáiselles a vida imposible mediante unha burocracia ineficiente, unha política corrupta e unha fiscalidade infernal.

Voume deter brevemente nesta diferenciación entre o cazador de rendas e o empresario que compite polo favor dos consumidores en mercados abertos e libres; o cazador de rendas é aquel que se enriquece sen xerar ningún valor engadido á sociedade, é dicir, o que cobra ou paga un suborno, o que é colocado no Concello, o que consegue ilícitamente unha contrata do Concello, se alguén consegue un contrato co Concello porque suborna un concelleiro calquera, estase lucrando a través do empobrecemento de todos os que pagan taxas e impostos ao municipio xa que o valor da adxudicación ten que ser aumentado para que quede marxe para o suborno. Isto é, o cazador de rendas, caza ou capta rendas xeradas por outros, que son recadadas coercitivamente por vía impositiva e non xera ningún valor engadido que xustifique o seu lucro.

Pola contra o empresario é aquel que ofrece produtos ou servizos aos consumidores e que ten que loitar por atraelos mediante unha boa combinación de prezo, servizo, publicidade, etc... Cando o empresario logra vender estase lucrando ao tempo que xera valor á sociedade ao ofrecer un produto ou un servizo que o consumidor, de forma libre e voluntaria, decide adquirir.

Esta diferenciación é crucial, o cazador de rendas é o peor inimigo de calquera sociedade que aspire a prosperar, o empresario que xera valor e que oferta produtos ou servizos que son adquiridos de forma libre e voluntaria nun mercado aberto e competitivo é digno de admiración e merecedor de respecto e agradecemento xa que crea riqueza para él mesmo e para a sociedade. Polo tanto a fonte do lucro dun e doutro son tan distintas que metelos no mesmo saco é profundamente inxusto e só se explica desde a “demonización do rico” que se fai desde determinadas posicións ideolóxicas.

Nunha sociedade onde haxa pouco poder e pouco diñeiro en mans políticas os cazadores de rendas tenden a desaparecer; paradoxalmente, aqueles que critican á casta e que defenden un maior papel do Estado na sociedade tamén pretenden que acreditemos que aumentando a causa da corrupción (o poder e intervención estatal na sociedade e na economía) esta desaparecería sempre que fosen eles os que controlasen o poder, trátase desde logo dunha patraña, non hai presentes de que a aplicación de políticas populistas e intervencionistas levasen a un destino diferente da miseria e da inxustiza. Lamentablemente unha parte importante da sociedade do sul de Europa olla para a desfeita da Venezuela chavista como referente e somos unha minoría os que ollamos para Suiza, Canadá, Australia ou Suecia, entre outros, como modelos referenciais.

Se aspiramos a unha sociedade próspera pódese e débese permitir e favorecer que a iniciativa privada florezca sen que iso implique ningún tipo de favor, senón un marco estable, con seguridade xurídica, pouca intervención pública, unha burocracia áxil e impostos baixos. Sen embargo Tui lamentablemente leva sendo exemplo moitos anos de todo o contrario: inseguridade xurídica, con continuos cambios de normas e sen saber se o Concello vai aplicarlas ou non, unha elevada intervención pública guiada por criterios puramente clientelares, unha burocracia ineficiente e unha represión fiscal inmisericorde, neste contexto non nos pode estrañar que acudan os cazadores de rendas, fuxan os emprendedores e os tudenses nos empobrezamos.

Ou apostamos por unha sociedade libre e próspera ou apostamos por unha sociedade pobre e pechada onde priman os intercambios de favores e o parasitismo, compre apostar por unha sociedade aberta e pola liberdade económica, o contrario do que se leva moitos anos facendo en Tui, por exemplo, empresas e particulares pagan máis cara a auga porque o alcalde coloca a xente do seu entorno familiar e político no Consorcio do Louro sen subrogar ao persoal que estaba encargado das mesmas funcións no Concello, os contribuíntes teñen así que continuar sostendo a tres empregados públicos que quedan sen función no Concello e soste tamén aos novos empregados do Consorcio: o sobrecusto que isto supón detrae renda de empresas e familias dificultando a prosperidade dos demais, ao deixar aos axentes económicos con menor capacidade de aforro, consumo e investimento.

Non é máis que un exemplo, entre outros moitos, de como actúa o poder político en Tui e de como nos empobrece a todos, se temos que pagar máis caro o servizo da auga porque o alcalde ten interese en que unha serie de persoas lle deban o seu posto de traballo, os demais teremos menos renda dispoñible para investir, para aforrar ou para consumir, por tanto pónenselle as cousas máis difíciles a todos os demais e contribúese desta forma e de maneira activa a xerar pobreza. Ademais temos unha consecuencia política, aquel que se lucra debido a favores do poder político pasa a engrosar a rede clientelar que votará en función de quen lle fixo o favor e non en función da idoneidade duns e doutros para gobernar, esta espiral diabólica é unha das claves que explica o profundo declive de Tui.

Tui é terreo hostil para os emprendedores. Obter unha licenza en Tui é caro e sobre todo terriblemente lento e dificultoso, desde os anos 80, no Concello amontónanse expedientes de apertura de locais non resoltos, (moitos locais operan en Tui sen licenza e non porque estes non a tramitaran), o que leva a que en moitos casos a disxuntiva real sexa: ou non abrir ou abrir sen licenza. O poder en Tui non dubida en usar esa situación de inseguridade xurídica creada por eles mesmos para calar bocas ou pedir favores segundo conveña, é o mundo ao revés: pretenden tirar proveito político, moitas veces con éxito, dunha problemática xerada pola súa propia ineficacia.

Ademais a represión fiscal municipal fai moito dano cuns recibos de lixo, de auga ou de vado comparativamente elevados, por non falar do ICIO, o imposto da plusvalía, do IBI, do custo das licenzas de abertura, o que acaba por perxudicar gravemente a competitividade das empresas. Quen neste contexto pode optar por investir en Tui?, pois practicamente ninguén que teña outras alternativas. Investimos como particulares ou como empresas en Tui aqueles que xa estamos moi enraizados, a realidade é que a atracción de investimento de fóra é, baixo as condicións existentes, practicamente nulo. Despois que a ninguén lle estrañe a crise demográfica que atravesa Tui, a emigración de xente nova e preparada que estamos vendo ou as arrepiantes cifras de desemprego, especialmente o xuvenil. Poderásemos dicir que é un problema xeralizado en toda España pero é igualmente certo que as cifras de concello a concello poden variar, e de feito varían significativamente.

# Propostas para a prosperidade

## As potencialidades de Tui

O Concello, ata agora para mal, pero podería ser para ben, ten moito que dicir á hora da sempre pendente posta en valor dos recursos monumentais, naturais e situacionais de Tui, é dicir, do aproveitamento das potencialidades turísticas, comerciais e loxísticas de Tui.

E chegados a este punto encontrámonos cun enorme paradoxo, non vou ser eu quen descubra as posibilidades de Tui, hai un certo consenso social ao respecto, pero desde esa mesma sociedade non fomos quen de activar a mudanza política necesaria para que ese potencial se convirta en produción de riqueza para os tudenses en xeral. Tui ten un enorme potencial que ata agora foi desaproveitado, se formos quen de aproveitalo a renda per cápita dos tudenses se podería duplicar no prazo dunha década.



Cales son esas potencialidades de Tui? Eu destacaría catro; o casco histórico, o río Miño, a súa ubicación xeográfica e a complementariedade con Valença.

Cada un destes recursos merece unha análise individualizada. En relación ao casco histórico cómpre primeiro frear o seu lento pero claro deterioro, en primeiro lugar incidindo en políticas de exención fiscal: para revitalizar o casco necesitamos fundamentalmente que se rehabilite e rehabilite, e para isto precisamos contribuír a facer atractivo investir e vivir na zona monumental, o obxectivo é crear incentivos para a rehabilitación e rehabilitación eximindo completamente de impostos e taxas municipais ás casas habitadas e/ou rehabilitadas e tamén aos negocios de todo tipo que alí se ubiquen aínda que sen esquecer que é preferible unha orientación diurna que nocturna das actividades de lecer que se desenvolvan na zona, obviamente non parece moi compatible a movida ata altas horas coa necesidade de rehabilitar o casco, e desde logo as propiedades en estado ruinoso ou abandonadas deberían abonar todos os impostos e taxas creando un incentivo moi forte para a súa rehabilitación ou venda a bo prezo a alguén interesado en rehabilitar.

En segundo lugar e asumindo que vivir no casco implica a privación dalgúñas comodidades da vida moderna, como un aceso ilimitado no coche á porta da casa, cómpre dotar de servizos de primeira aos veciños, é dicir, habería que pór en marcha un plan para soterrar o cableado e ao mesmo tempo asegurarse de que todas as casas terán, se desexan contratalo, posibilidade de enganche ao gas cidade e á rede de fibra óptica, ao mesmo tempo que se traballa na procura de alternativas para o aparcamento.

En terceiro lugar cómpre buscar recursos, preferiblemente privados, para a rehabilitación de edificios singulares como o Teatro Principal e a súa posterior concesión a unha empresa privada para evitar que supoña un custo permanente aos contribuíntes.

En cuarto lugar habería que pór en marcha políticas promocionais conxuntamente con Valença no ámbito peninsular, posicionarse

na oferta como unha excursión atractiva para os cruceiristas que chegan a Vigo e retomar o proxecto de patrimonio mundial do que se comezou a falar, por iniciativa de Valença, no ano 2000, e que despois foi paralizado desde Tui porque aquí o alcalde estaba pensando nos seus negocios urbanísticos, ata que finalmente Valença optou, xa no 2011, e ante a inoperancia do concello de Tui, por avanzar soa e presentar en solitario a súa candidatura.

Con esta combinación de políticas deberíamos ser capaces de xerar vida e moita actividade económica no casco histórico, actividade que hoxe só vemos, e de forma limitada, nas rúas ubicadas entre a catedral e o Paseo da Corredoira. Unha vez implementadas as melloras sinaladas habería que promocionalas para atraer a investidores residenciais e de negocio. A gran riqueza que se pode chegar a xerar desta maneira tería un forte efecto tirón sobre a calidade de vida e a actividade económica de todo o Concello.

Integrado coa zona monumental hai outro recurso moi importante e claramente desaproveitado como é o río Miño, Tui pode vender unha combinación moi atractiva de turismo de natureza e monumental, o río baña sete parroquias tudenses que deberían estar unidas por un sendeiro de ribeira, algo barato e con pouca necesidade de mantemento, non sería serio propor simultaneamente, como fan algúns, baixadas de impostos e aumento de gastos, se Tui fose un polo turístico non sería nada difícil atraer a grande parte dese fluxo a algunha actividade relacionada co río, pois sen dúbida empresas existentes e de nova creación se poderían beneficiar da oferta de servizos ao tempo que crearían emprego.

Tui ten unha ubicación privilexiada no contexto do noroeste peninsular. Estamos en pleno eixo atlántico de comunicacións, a maior cidade de Galicia está a 30 quilómetros, somos ponte privilexiada entre Galicia e Portugal, é dicir, non somos para nada un lugar moi apartado ou por onde ninguén pase se non vén adrede, ou pesimamente comunicado, de feito somos o lugar de Galicia mellor comunicado por vía aérea, grazas á nosa maior proximidade ao aeroporto do Porto, que supera en conectividade aos tres aeroportos galegos xuntos; ademais

atravesan o noso municipio todas as vías principais de comunicación rodoviaria entre Galicia e Portugal e no proxecto da nova vía férrea entre Vigo e Porto, Valença contará cunha das dúas paradas principais, xunto con Braga.

O monte Santa Tegra, n'A Guarda, rivaliza coa praia das catedrais, en Ribadeo, como segundo lugar máis visitado de Galicia, despois da catedral de Santiago de Compostela, a maioría dos visitantes da montaña guardesa pasan por Tui pero obviamente non paran, e tampouco paran a inmensa maioría de galegos, españois e europeos que pasan por Tui para dirixirse a Portugal, tampouco veñen coñecer a cidade a inmensa maioría dos clientes do Outlet. E non paran, nin veñen porque non saben que paga a pena parar ou vir e mentres nós non nos preocupemos en trasmitírllelo así seguirá sendo.

Como exemplifica Tui, unha boa ubicación facilita moito as cousas pero non é garantía de éxito por si mesma, para a maioría dos vigueses, por colocar un exemplo especialmente deprimente, Tui non é máis que o lugar que ven ao lonxe ao pasar pola autovía cando se dirixen ás feiras de Valença ou de Cerveira. Moitos vigueses, por mencionar unha cidade importante e moi próxima, non pensan que Tui sexa un lugar con máis interese ou máis fermoso que Porriño ou Ponteareas, e grande parte da culpa é da falta de autopromoción de Tui.

Ademáis do tremendo potencial turístico, a ubicación de Tui tamén lle confire un enorme potencial industrial e especialmente comercial, como xa se demostrou en determinados períodos da historia. O concello debe cambiar o PXOM para ampliar a dotación de solo industrial de promoción privada, porque xa vimos o que pasou co de promoción pública, que se repartiron unha parte varios elementos ben conectados co concello que posteriormente non emprenderon neses terrenos nengunha actividade industrial. Xa o di o refrán, o que reparte queda coa mellor parte.

O potencial da complementariedade con Valença tamén está desaproveitado. A eurocidade Tui-Valença non pode ficar na organización de eventos deportivos conxuntos ou na celebración de paparotas para

os políticos pagadas polos contribuíntes Cómpre comezar a coordinar e integrar servizos, por exemplo cun cartón único que dea acceso a todas as infraestruturas culturais e deportivas da eurocidade; cómpre unha aposta polo turismo de congresos, iniciativas promocionais conxuntas en mercados turísticos emisores, buscando sinerxias e economías de escala e tirando proveito de todas as vantaxes que nos ofrecería a coordinación con Valença, o fomento da comunicación cun carril bici e con algún tipo de transporte urbano que vertebre a eurocidade. Cómpre, en fin, pensar en grande: a eurocidade Tui-Valença pode aspirar a logros de todo tipo que para Tui ou Valença por separado serían inalcanzables.

E non me esquezo do rural, as posibilidades comerciais e turísticas do casco e do Miño deben exercer de locomotora de emprego para todo o concello e a implantación de políticas liberais facilitarían novos emprendementos no rural, coido que unha agroindustria que aposte por produtos autóctonos de calidade asociada ao turismo ten percorrido no noso concello pero compete aos emprendedores decidilo.

## Modelo de xestión municipal

Nun contexto dun elevadísimo grao de intervención política como o que nos toca vivir na Europa do século XXI, un Concello pode marcar e implementar unhas pautas para a xestión municipal que contribúan a atraer investimento e a facer a vida máis agradable aos cidadáns.

Non nos debe desacougar en absoluto que Tui quedase atrás demograficamente de Vigo e de Pontevedra, pero si que é desacougante que Tui continúe a perder posicións, especialmente desde a implantación da democracia en España. Tui reúne condicións obxectivas para ser, no século XXI, unha localidade próspera e dinámica que poida superar con comodidade os 20.000 habitantes e o que é máis importante, os recursos de Tui postos en valor unido a unha burocracia eficiente e áxil e un entorno de baixos impostos elevaría moi significativamente o nivel de vida e a renda dispoñible dos tudenses.

Como liberal non acredito na política como motor da sociedade, máis ben acredito que habitualmente a política frea ou mata as enerxías creativas e construtivas da sociedade. Tui é un exemplo claro, o Concello parasita a sociedade civil tudense, e empobrécea por unha dobre vía: en primeiro lugar mediante o cobro de elevadísimos impostos ou taxas e a posterior xestión negligente e corrupta que fai do diñeiro recadado, e en segundo lugar, a través do inferno burocrático que crea, pois a maioría das actividades económicas precisan dunha licenza do Concello para ser exercidas con seguridade xurídica. Sen embargo no Concello de Tui, desde hai moitos anos, ou non se conceden as licenzas, actuando con absoluta arbitrariedade, ou concédense moi tardiamente ou mesmo acaba sendo necesario subornar a alguén para conseguir a tan desexada licenza.

É dicir, fundamentalmente o Concello en Tui debe deixar de ser o freo que impide a prosperidade, ese sen dúbida é o rol que desenvolveu cando menos desde o ano 1998. É algo moi sinxelo que teño repetido teimosamente en case en cada pleno do mandato que remata en maio do 2015, por favor, deixen vostedes de molestar!.

José Mujica, presidente do Uruguai, combativo esquerdistista, teno claro e a preguntas do xornalista español, Jordi Évole, ao que deixou pasmado coa resposta, contestou que o combate á pobreza no seu país estaba a ter éxito porque atraiu investimento exterior como consecuencia da estabilidade política e da baixada de impostos. Un socialista honesto e intelixente que confesa que só a través da implementación de políticas liberais se pode combater eficazmente a pobreza.

É isto fundamentalmente o que precisa Tui e calquera lugar que aspire a prosperar, captar investimento privado, atraer capital e para conseguilo a receita é moi sinxela e de probadísimo éxito: impostos baixos, seguridade xurídica e simplicidade e axilidade burocrática.

A mellor política activa de emprego é a que non existe. Poida que as políticas activas de emprego dean votos a quen as implementa, pero en realidade lonxe de crear emprego, o que fan é destruílo porque o montante necesario para aplicalas procede de empresas e familias,

que ao resultar empobrecidas por esta recadación impositiva perden capacidade de creación de emprego, mesmo naqueles sectores con potencial de crecemento, sectores que ningún burócrata ou político pode identificar xa que é o mercado, case sempre de forma dificilmente previsible, o que toma uns ou outros derroteiros en función das escollas dos consumidores.

As políticas activas de emprego só empobrecen, fomentan o clientelismo e a corrupción. Os empregos sustentables créanos as empresas, sempre que non llo impidan desde o poder político con impostos, regulacións e burocracia, neste momento hai en Tui máis de 2.000 desempregados inscritos, unha cifra inaceptable que se pode reducir drasticamente co aproveitamento das nosas potencialidades, unha boa xestión e unha baixada de impostos e taxas.

Na área da xestión orzamentaria municipal cómpre reducir gastos correntes mediante a licitación de todos os suministros municipais e dunha boa xestión de compras. Hai moita marxe para facelo xa que a política clientelar impide o axuste de custos, se hai intercambio de favores dificilmente se pode apretar a un fornecedor. Tamén cómpre conxelar os gastos de persoal e executar a reposición exclusivamente daquel persoal cuxas funcións estean claramente delimitadas e xustificadas, cómpre tamén baixar os impostos, eliminando todos aqueles para os que o Concello teña potestade, como o imposto da plusvalía e índose ao mínimo razoable en todos os impostos.

Unha baixada de impostos redonda nun descenso da recadación a curto prazo pero non necesariamente para sempre, xa que as baixadas de impostos atraen actividade económica e a actividade económica xera recadación.

É imprescindible tamén revisar as taxas mediante estudos de custos, axustándoos ao mínimo sustentable e consecuentemente axustando o recibo a ese custo, compre tamén analizar se unha política de reciclaxe convenientemente orientada podería reducir, máis do agardado, o custo do recibo do lixo. Seguindo unha política fiscal responsable pódese tratar de pór o acento no mantemento das infraestruturas e do-


tacións existentes de carácter deportivo e recreacional, que están moi descoidadas, e nunha serie de investimentos estratéxicos como o soterramento do cableado no casco histórico, a abertura da Rúa Ourense e a construción dun gran aparcamento imprescindible para pór en valor o grande potencial turístico e comercial de Tui, para min a ubicación idónea, polo bo equilibrio entre servizo e custo, é a Rúa Compostela. O concello dispón neste momento de máis de tres millóns de euros de liquidez para pór isto en práctica sen subir os impostos nen endebedarse.

Compre tamén implantar a administración electrónica para aumentar a produtividade dos traballadores municipais e para que os cidadáns poidan consultar os expedientes que lles afectan en internet limitando a posibilidade de erros e de arbitrariedades e axilizando as tramitacións. Os gobernos municipais dos últimos anos non queren nen ouvir falar deste asunto xa que a implantación da administración electrónica dificulta moito as arbitrariedades e por tanto os intercambios de favores.

Resumindo, debe ser feito xustamente o que non fixo o goberno municipal neste último mandato, no gráfico ubicado a continuación podemos ver como ao longo deste mandato os investimentos reais absorberon en exclusiva toda a redución orzamentaria á que obrigou a crise mentres que non dubidaron en subir < os impostos directos para conseguir un aumento dos ingresos por esta vía nun contexto no que familias e empresas estiveron pasando por grandes apuros. Tamén se pode observar como a lóxica clientela dirixe o Concello, nun contexto de contracción orzamentaria os gastos correntes e de persoal, mantéñense estables a custa do que sexa, o Concello non dubidou en subir os impostos directos para conseguilo nin en facer desaparecer practicamente os investimentos.

## Evolución orzamento Concello Tui

2011 / 2012 / 2013 / 2014



Finalmente, en relación coa cuestión fiscal, propono que Tui, como zona fronteiriza de singular importancia, debe presentar a solicitude formal para conseguir a consideración de zona franca coa correspondente exención de impostos que isto implica, co obxectivo de atraer actividade económica e investimento e crear emprego. Coido que Tui e Valença deberían solicitar de forma conxunta aos gobernos español e portugués a súa declaración como zona franca para incentivar a relación entre os dous países, a resposta permitiríanos ver se os dous estados se toman en serio o que implica unha eurocidade de verdade.

Despídome agradecendo ao lector a súa atención e pedíndolle a súa implicación e o seu apoio nesta apaixonante tarefa de traballar por un Tui próspero.